

## Tarefas de Historia 2º da ESO para facer en Semana Santa

Ola alumnas, como o imos levando? Bueno, espero que esas notas fosen suficientemente boas como para que poidades desfrutar dunhas boas vacacións de Semana Santa, vendo películas relixiosas!!! Pola miña banda, decirvos que decidín poñervos un punto máis a cada un de vós con respecto á nota que sacáades na 1ª avaliación. Ese punto a maiores é, fundamentalmente, por terme aturado ao longo desas semanas de marzo. Logo xa veremos como imos resolver na 3ª avaliación pero como diría Jack “o destripador”: Vaíamos por partes.

Vouvos enviar unhas tarefas (poucas) para esta Semana Santa para cando vos entre a apatía.

Ademais, como estamos nunhas festividade relixiosas, imos ver o tema 5: A cultura e a arte do Románico, que, como ides ver e xa saberedes, foi unha cultura tremendamente relixiosa (cristiá), a de aqueles “medievales”, non si?

Entón, imos facer así:

- Poñemos o título do tema.
- Copiamos a introducción do tema que aparece na primeira páxina do mesmo, así como o mapa que leva por título: Focos e expansión do Románico.
- Facemos as 5 actividades da páxina 93 sobre a arte e a cultura románica.
- Lemos as páxinas 96 e 97, onde imos coñecer a vida de Frei Pedro, un monxe medieval.
- Finalmente, imos a páxina 107 e faremos as actividades do exercicio 3, sobre a vida dos monxes.

E isto e todo, amigos. Espero que pasedes unhas festas tranquilas, e que á volta teñamos un pouquiño máis claro o que imos facer coa 3ª avaliación. Ánimo e a seguir resistindo, champions!!!

Unha aperta solidaria,  
David.